



ORDENANZA FISCAL Nº 4: REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE AUTOTAXIS E OUTROS VEHÍCULOS DE SERVIZO PÚBLICO.

Publicacións:

Creación, BOP 30/12/89

Nova publicación BOP 27/12/07

Mod., BOP 23/06/08

Modificación BOP 24/12/2011

Última Modificación BOP 26/12/2013

Fundamento e natureza

Art. 1º.- No uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo arte 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pala concesión de licenzas de autotaxis e outros vehículos de servizo público", que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ao previsto no art. 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Feito imponible

Art. 2º.- Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas de autotaxis, ambulancias e coches fúnebres.
- b) Autorizacións para a transmisión das licenzas dos vehículos afectados a servizos, a persoas distintas do titular e para a mesma finalidade, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para a substitución dos vehículos afectados ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

Suxeito pasivo

Art. 3º- Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- a) Na concesión e expedición de licenzas, o titular ao que se lle outorgue.
- b) Nas transmisións de licenzas de vehículos, a persoa á que proceda a transmisión.
- c) Na substitución de vehículos, o titular da licenza.



Cota tributaria

Art. 4º.- -Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos servizos ou actividades de acordo coa seguinte tarifa:

Concepto; euros

Epígrafe primeiro: Concesión e expedición da licenza por poxa, prezo base de 1.603,88 €.

Epígrafe segundo: Autorización a transmisión e licencias.

a) Transmisión " inter vivos"; 20% de traspaso, mínimo 1.603,88 €.

b) Transmisión " mortis causa"; 10% de traspaso, mínimo 1.069,25 €.

Epígrafe terceiro: Substitución de vehículos: 53,46 €.

Exencións e bonificacións

Artigo 5.- Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

Aplicación da taxa:

Artigo 6.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír na data que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a transmisión ou substitución do vehículo.

Declaración de ingreso

Artigo 7.- 1. A relación das actividades e prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2. Todas as cotas serán obxecto de declaración por ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes o seu pago no prazo establecido pola Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións

Art. 8º.- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos arts. 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente eu función do I.P.C. correspondente.

Disposición final.

Disposición final Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C